

ORDENANZA DE LIMPEZA DO CONCELLO DE CARBALLO

Exposición de motivos

O Concello de Carballo dicta a presente Ordenanza reguladora da limpeza no Concello de Carballo tomando como habilitación o título competencial xenérico recollido no art. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, así como, para o desenvolvemento das súas competencias, a potestade regulamentaria e de autoorganización recoñecida no art. 4.1.a) da mesma norma, que, plasmada sobre a atribución de competencias especificamente recollida no art. 25.2.f) e l) da dita norma, se reflicte na competencia propia dos Concellos sobre a protección do medio ambiente, os servizos de limpeza viaria, e a recollida e tratamento de residuos, que deberán ser exercitadas dacordo ao establecido na lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia sobre da materia.

Deste xeito, e en virtude do establecido no art. 4.3 da Lei estatal 10/1998, do 21 de abril, de normas reguladoras dos residuos, e no art. 26 da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos de Galicia, este Concello dicta a presente Ordenanza para regular, entre outros aspectos, a xestión de residuos urbanos.

Rexerán supletoriamente, no non previsto na presente Ordenanza, as normas do Estado e da Comunidade Autónoma que se refiran ás materias aquí abordadas.

TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I.- OBXECTO E REGULACIÓN LEGAL

Artigo 1.- Obxecto.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación no termo municipal, das seguintes actuacións e actividades:

- Limpeza das vías e espazos públicos, mercados, praias, solares de propiedade municipal, incluíndo rego de rúas e prazas e lavado de pintadas.
- A recollida de restrollos e residuos sólidos e o seu transporte ao Punto Limpo Municipal, incluíndo como tales: os producidos por actividades domiciliarias, comerciais e de servizos, de limpeza urbana, industriais, obras, animais mortos, mobles, aparellos, vehículos abandonados e en xeral todos aqueles cuxa recollida, transporte e almacenamento ou eliminación sexan de competencia municipal.

Artigo 2.- Normativa subsidiaria.

1.- Para o non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación as normas estatais e autonómicas referidas aos residuos, á limpeza e ao medio ambiente, ou a calquera outra materia recollida na presente norma.

2.- Rexerán, para todo o especificamente p revisto nas mesmas, as Ordenanzas municipais reguladoras seguintes:

- Ordenanza de seguridade, salubridade, hixiene, limpeza e ornato de parcelas, solares e edificacións.
- Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior mediante valos publicitarios ou carteis.
- Regulamento do servizo de verquidos ao saneamento, e uso do mesmo.
- Ordenanza Xeral de ocupación do dominio público local con terrazas de hostalería.
- Ordenanza reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías en Carballo e da circulación dos vehículos que realizan tales operacións.
- Ordenanza reguladora do establecemento, outorgamento de autorizacións e utilización das zonas de reserva de estacionamento para paradas de autobuses e reguladora da circulación dos mesmos polos núcleos urbanos do Concello de Carballo.
- Ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais.
- Cantas outras Ordenanzas municipais poidan ser aprobadas sobre materias conexas coas contempladas na presente Ordenanza.

CAPÍTULO II.- DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA

Artigo 3.- Obrigas xenéricas de limpeza.

1.- A limpeza da vía pública, entendendo como tal ás rúas, glorietas, prazas, zonas axardinadas e espazos públicos en xeral, así como a dos espazos ocupados polos mercados ou feiras, praias, e a recollida dos residuos procedentes desta será realizada pola administración municipal, ben directamente ou a través das empresas concesionarias do servizo, coa frecuencia e a través das formas que determine o Concello.

2.- A limpeza das rúas e solares de dominio privado, deberá efectuarse polos seus propietarios ou propietarias, debendo respectar, no que sexa aplicable, as prescricións da Ordenanza Municipal de Seguridade, Salubridade, Hixiene, Limpeza e Ornato de Parcelas, Solares e Edificacións do Concello de Carballo.

Artigo 4. Limpeza de predios. Obrigas e prohibicións.

1.- A limpeza de solares corresponderalles aos seus propietarios, sen prexuízo da obriga de proceder ao seu valado, consonte ao previsto nos artigos 5 e seguintes da Ordenanza Municipal de Seguridade, Salubridade, Hixiene, Limpeza e Ornato de Parcelas, Solares e Edificacións do Concello de Carballo.

2.- Desde os solares particulares non pode sobresaír á vía pública ningunha clase de silveiras, mirtos, matogueiras, ou outra vexetación.

Artigo 5. Uso das papeleiras. Obrigas e prohibicións.

1.- Prohíbese arroxar á vía pública todo tipo de residuo, como cabichas, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e quixese desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizarán as papeleiras instaladas para tal fin.

2.- Prohíbese tamén depositar cigarros ou obxectos prendidos en papeleiras ou colectores.

3.- Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, emborcalas ou arrancalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso para o que están destinadas.

4.- A instalación, mantemento e reposición das papeleiras realizarase ben pola administración municipal ou mediante concesión administrativa por unha empresa privada.

5.- Os danos causados ás papeleiras/colectores que supoñan a necesidade da súa reposición serán sufragados por quen ocasionara o estrago, sen prexuízo das sancións reflectidas na presente ordenanza.

6.- Os danos que se causen, en árbores ou noutro mobiliario urbano, serán así mesmo sufragados polas persoas que os ocasionaran, independentemente das sancións que lles correspondan de acordo con esta ordenanza.

Artigo 6. Uso das vías públicas. Operacións prohibidas.

Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensuciar as vías e espazos libres públicos e de forma especial:

- a) Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles o aceite e outros líquidos.
- b) Manipular ou seleccionar os restrollos ou residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.
- c) Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre esta, desde ventás, balcóns, etc.
- d) Ter roupa tendida na vía pública ou sobre dela.

Artigo 7. Uso das vías públicas en operacións publicitarias.

1.- Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuciando os espazos públicos, así como deixar papeis de propaganda na vía pública ou nas fachadas, a non ser nos lugares destinados explicitamente para tal fin.

2.- Terán a consideración de acto independente para os efectos de sanción as actuacións separadas no tempo ou no espazo contrarias ao establecido no número anterior, e serán responsables das infraccións aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e, no seu defecto e salvo proba do contrario, aquelas en cuxo favor se faga esta publicidade.

Artigo 8. Uso das vías públicas por actividades hostaleiras e comerciais.

1.- Quen estea ao fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública está obrigado a manter limpo o espazo en que desenvolve o seu cometido e as súas proximidades durante o horario en que realiza a súa actividade, e a deixalo no mesmo estado unha vez finalizada esta.

2.- A mesma obriga incúmbelles aos donos de cafés, bares e establecementos análogos, en canto á superficie da vía ou espazo libre público que se ocupe con

veladores, cadeiras, etc.; así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos, papeleiras..., no momento do peche do establecemento, e respectando as demais obrigas contidas na Ordenanza Xeral de Ocupación do dominio público local con terrazas de hostalería do Concello de Carballo.

En caso de reiteración ademais das sancións procederase á revocación da autorización.

3.- En todo caso, está absolutamente prohibido que os usuarios dos establecementos de hostalería consuman os produtos nelas servidos na vía pública, salvo no caso de que exista autorización para dispór dunha terraza ou velador na vía pública. Neste caso, os envases ou recipientes, así coma os vasos ou análogos, non poderán ser levados fóra do recinto delimitativo da terraza, salvo nas operacións propias do persoal do establecemento para servir ou retirar as consumicións.

4.- Queda terminantemente prohibido consumir bebidas na vía pública se non é nos recintos autorizados anteriormente citados, así coma portar vasos ou recipientes pola mesma que non se atopen debidamente embalados ou recollidos dentro de bolsas ou outros envases que eviten a súa caída á vía pública. É responsabilidade do establecemento de hostalería evitar que os envases ou vasos das bebidas saian do seu establecemento sen a debida embalaxe cando non dispoña de terraza ou velador autorizado, así como que os que se servan nas terrazas saian do recinto das mesmas.

5.- Quedan exceptuadas da prohibición contida nos parágrafos 3 e 4 do presente artigo aquelas actividades autorizadas polo Concello de Carballo, tales coma concertos, romarías e demais festas populares, sempre que as actividades se realicen dentro dos recintos ou lugares das mesmas e nas datas de celebración debidamente autorizadas.

6.- Non está permitido abandonar vasos, botellas ou toda clase de recipientes de líquidos na vía pública, se non é nos colectores adecuados ao material do que estén realizados.

Artigo 9. Uso das vías públicas en operacións de carga e descarga.

1.- Rematada a carga e descarga de calquera vehículo con observancia das normas que para tales actividades establece a ordenanza de circulación e a Ordenanza reguladora das operacións de carga e descarga de mercadorías en Carballo e da circulación dos vehículos que realizan tales operacións, procederase a limpar as beirarrúas e calzadas que foron ensuciadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.

2.- Están obrigados ao cumprimento deste precepto os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas en que fora executada a carga ou a descarga.

Artigo 10. Uso da vía pública por vehículos ao servizo de establecementos.

O persoal de establecemento ou industrias que utilicen para o seu servizo vehículos e os estacionen na vía pública, deberá limpar debidamente e coa frecuencia necesaria o espazo ocupado por estes.

Artigo 11. Uso da vía pública por vehículos de obras ou de transporte de determinadas materias.

1.- Os propietarios e condutores de vehículos que transportan terras, cascallos, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar, deberán tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, por causa da súa natureza por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caia sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

2.- Aos vehículos que se utilicen en zonas de obras, antes de saír á vía pública, deberán limpárselle os baixos e as rodas.

Artigo 12. Uso das vías públicas para depositar cascallos ou residuos de obra.

Nas obras que se produzan cantidades de cascallos superiores a 1 m³, deberán utilizarse para o seu almacenamento na vía pública colectores adecuados, para o que se terá que ter a preceptiva autorización municipal.

Artigo 13. Uso da vía pública para paseo de animais domésticos.

1.- As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías e espazos públicos, ademais de levalos atados e con bozo e cumprir os demais requisitos establecidos na Ordenanza Municipal para a protección e tenencia de animais e nas demais disposicións legais vixentes, deberán levar obrigatoriamente unhas bolsas e un recolledor, ou accesorios similares, para a recollida e limpeza das dexeccións.

O Concello poderá establecer zonas onde levar a cabo estas dexeccións.

2.- No caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas, xardíns ou outras zonas destinadas ao tránsito peonil, a persoa que conduza o animal está obrigada á súa limpeza inmediata, e deberá depositala debidamente empaquetada –dentro dunha bolsa- en papeleiras ou en colectores de lixo.

3.- Queda totalmente prohibido o acceso dos cans e outros animais ás praias na época de baño desde o 15 de maio até o 1 de outubro. O Concello de Carballo, mediante resolución da Alcaldía, que deberá ser publicitada mediante Bando, poderá establecer a ampliación das ditas datas ou calquera outra prohibición ou limitación que por razóns hixiénico-sanitarias sexan procedentes no relativo ao uso das praias na época de baño para paseo de animais.

4.- As persoas que lles leven en gran cantidade comida ás gaivotas, pombas, gatos ou calquera outra clase de animal, e se lles dean na vía pública, poderán ser sancionadas sempre que non procedan á inmediata limpeza dos residuos que provoquen a súa actividade.

CAPÍTULO III.- LIMPEZA DE EDIFICIOS

Artigo 14.- Limpeza de elementos das edificacións. Obrigas e prohibicións.

1.- É obriga das comunidades de propietarios, cando se trate de elementos comúns ou obrigas colectivas, ou, subsidiariamente, a cada un dos propietarios do inmovible, e, cando non se trate de réximes de propiedade horizontal ou común, ao propietario, ou, no seu caso, a quen habite os inmobles, manter limpos os patios de luces ou de rueiro.

2.- Queda expresamente prohibido que as persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, tiren ás beirarrúas ou á calzada os restos ou restrollos que barran dos interiores.

3.- Igualmente queda prohibido baldear con auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores a vía pública.

4.- Prohíbese o depósito en pozos, rexistros e na rede de sumidoiros de calquera produto resultante da limpeza urbana.

Artigo 15. Realización de operacións de limpeza polos particulares nos seus bens.

1.- Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais adoptaranse as debidas precaucións para non causarlles molestias aos transeúntes nin ensuciar a vía pública e se esta fora ensuciada, os donos do establecemento están obrigados á súa limpeza, retirando os residuos resultantes.

2.- Iguais precaucións deberán adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas, así como para o rego das plantas instaladas nestes, permitíndose unicamente de 22.00 a 8.00 horas.

Artigo 16. Anuncios ou carteis. Prohibicións de colocación ou destrución.

1.- Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que esixen o ornato e a estética da vila, queda prohibido:

- a) Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, fachadas, farois, enreixados, valos, papeleiras, etc.
- b) Esgazar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou emplacements autorizados para o efecto.

2.- Consideraranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ao disposto no punto anterior, en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido, fixados en cada inmovible ou demais lugares prohibidos.

Artigo 17. Carteis. Obrigas dos propietarios dos inmobles.

1.- Os propietarios ou titulares de inmobles, monumentos, quioscos, etc., coidarán, en cumprimento da obriga establecida no artigo anterior, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

2.- Unicamente se permitirá a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados para este obxecto, sempre que estean amparados pola preceptiva licenza.

Artigo 18. Limpeza exterior das edificacións. Cerramento de locais.

1.- Os propietarios dos edificios están obrigados a manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles desde a vía pública, e deberán proceder ao seu pintado, remoción ou lavado, mantendo as condicións de ornato da edificación.

2.- Os propietarios dos baixos deberán pechalos debidamente, con ladrillo ou bloque, e procederán ao seu pintado e caleado.

3.- En todo caso, deberán respectarse as normas contidas na Ordenanza Municipal de Seguridade, Salubridade, Hixiene, Limpeza e Ornato de Parcelas, Solares e Edificacións do Concello de Carballo.

Artigo 19.- Pintadas ou carteis non autorizados. Obrigas dos propietarios.

Cando un inmovible fora obxecto de pintadas ou pegada de carteis, o propietario ou persoa encargada, comunicarllo ao Concello, o cal decidirá se se procede á limpeza por parte da empresa concesionaria do servizo, con cargo á persoa ou empresa responsable da actuación, en caso de ser esta coñecida. Isto sen prexuízo da obriga xenérica de manter por parte dos propietarios a limpeza das fachadas.

Artigo 20.- Publicidade electoral ou asimilada.

Durante os períodos electorais lexislativos e aqueles outros de xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello da Carballo adoptará, de conformidade co que se dispoña na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

TITULO II.- RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 21.- Establecemento de zonas, itinerarios e frecuencias.

A recollida de residuos sólidos será establecida polo Concello, cos itinerarios, frecuencia e horario que se consideren oportunos, e prestarase ben directamente pola administración municipal ou ben a través da concesión administrativa a unha empresa privada.

Artigo 22.- Lexitimados para presta-lo servizo.

1.- Da recepción dos residuos sólidos urbanos farase cargo o persoal do servizo municipal ou, no seu caso, da empresa concesionaria.

2.- Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte ou aproveitamento dos residuos sólidos urbanos e industriais asimilables nin non asimilables, sexa calquera que sexa a súa natureza (papel, cartón, madeira, vidros, plásticos, pilas e baterías), sen a previa concesión ou autorización municipal, ou, nos casos previstos pola lexislación vixente, sen a previa autorización da Administración competente.

CAPÍTULO II

Artigo 23.- Residuos sólidos urbanos.

1.- Enténdese por residuos sólidos urbanos:

- Os residuos de orixe doméstico.
- Os residuos xenerados en comercios, oficinas e servizos.
- Os mobles, enseres e electrodomésticos desechados, así coma os escombros de construción e obras menores de reparación domiciliaria.
- En xeral, cantos residuos cuxa recollida, transporte, almacenamento, tratamento e depósito controlado corresponda ao Concello.

2.- O Concello poderá dispor que en toda a vila ou en sectores ou zonas determinadas se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais aqueles residuos susceptibles de distintos aproveitamentos, tales como, papel, cartón, vidros, latas, pilas etc.

Artigo 24.- Colectores para o depósito dos residuos.

1.- O depósito dos residuos de orixe doméstico ou domiciliario, así coma dos xenerados en comercios, oficinas e servizos, farase obrigatoriamente no tipo de recipientes normalizados que en cada caso sinale o Concello, e que serán subministrados por este en número suficiente para atender as necesidades dos habitantes da vila.

Os comerciantes que polo volume de lixo precisen dun maior número de colectores dos subministrados, deberán adquirilos pola súa conta, se ben estes deberán ser homologados polo Concello.

2.- Os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conservalos en adecuadas condicións de hixiene, e non poderán ser lavados na vía pública.

3.- As operacións de lavado e limpeza que, no seu caso, esixan os recipientes normalizados, serán efectuados periodicamente polo Concello ou pola empresa concesionaria do Servizo, salvo nos casos dos colectores individuais que deberán ser lavados e mantidos en bo estado polos seus usuarios.

4.- Os titulares de establecementos que manexen ou utilicen produtos perecedoiros deberán depositar os residuos en colectores individuais e non poderán usar os comunitarios.

5.- As caixas de cartón de grandes dimensións deben ser despezadas e empacuetadas correctamente fronte ao portal do establecemento ocupando o menor espazo posible e nos días indicados polo Concello.

Artigo 25. Obriga de depósito nos colectores.

1.- Nas zonas en que existan recipientes normalizados, a veciñanza depositará neles os residuos, e o persoal do vehículo colector baleirá o contido dos recipientes no camiión e depositará os baleiros onde se encontraban.

2.- Nun e noutro suposto, o lixo e os desperdicios serán depositados en bolsas pechadas e non poderán ser deixadas nos colectores ou na vía pública antes das 19.00 horas e despois das 22:00 horas.

3.- Prohíbese depositar o lixo os domingos e nas datas que o Concello indique como inhábiles do servizo mediante Bando ou Resolución da Alcaldía.

4.- O Concello, mediante resolución da Alcaldía, que deberá ser publicitada mediante Bando e inserción de anuncio ou noticia nos medios de comunicación social de maior difusión no Concello, poderá establecer concrecións nas datas e horarios nos que se permite depositar-lo lixo para zonas concretas, en función das necesidades do servizo.

Artigo 26.- Situación dos colectores.

1.- Os colectores serán situados na vía pública naqueles lugares que se determinen pola administración municipal.

2.- Queda prohibido desprazar os colectores do seu lugar de colocación por parte do Concello. Tan só o Concello ou a empresa concesionaria do servizo poderán proceder ao desprazamento dos colectores dos seus lugares habituais.

3.- Nos supostos de que os establecementos comerciais xeneren un elevado número de residuos urbanos asimilables, o Concello poderá esixir a instalación dun sistema de compactación previo dos residuos, que se depositarán nos recipientes normalizados.

Artigo 27.- Situacións especiais.

1.- Nos centros públicos ou privados, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, etc., a recollida efectuarase polo servizo municipal ou pola empresa concesionaria.

2.- Se unha entidade pública ou privada tivese por calquera causa que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúe a produción diaria normal e non de forma frecuente, non deberá presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Neste caso, a entidade poderá dispor o seu transporte ao Punto Limpo Municipal, previo pagamento das taxas correspondentes, de existir, ou ben solicitar do servizo de recollida ou da empresa concesionaria a súa retirada, aboando os custos correspondentes.

CAPÍTULO III.- RESIDUOS INDUSTRIAIS

Artigo 28.- Concepto.

Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou asimilables aos residuos urbanos e en xeral os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou para o medio.

Artigo 29.- Recollida e retirada.

1.- Os produtores e posuidores de residuos industriais especiais estarán obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, no seu caso, aproveitamento, se realice sen risco para as persoas.

2.- Para a retirada, depósito e transporte dos residuos industriais deberán observarse as prescricións da normativa autonómica e estatal cando non sexan asimilables aos residuos sólidos urbanos, e deberán contar co servizo de xestores de residuos autorizados.

CAPÍTULO IV.- RESIDUOS ESPECIAIS

Sección 1ª.- Terras e cascallos

Artigo 30.- Obrigas e prohibicións.

1.- Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados os cascallos procedentes de calquera clase de obra.

2.- O pequeno cascallo que resulte asimilable no sistema de eliminación e tratamento de lixos adoptado polo municipio poderá ser depositado no Punto Limpo Municipal.

3.- Poderá autorizarse o vertido de cascallo non asimilable nos terreos que propoña o solicitante sempre que se trate de material inerte, exista un estudo de impacto ambiental e conte co informe favorable dos/as técnicos/as municipais.

4.- Nos supostos de utilización do cascallo ou terras para recheos ou utilización en terreos particulares, deberá solicitarse previamente a preceptiva licencia municipal, acompañando no seu caso unha memoria sobre o impacto ambiental.

5.- Queda prohibido acumular produtos perecedoiros en solares ou terreos.

Artigo 31.- Vías públicas.

1.- Prohíbese depositar na vía pública toda clase de cascallos ou restrollos procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no seu interior, sexa na totalidade ou nalgunha das vivendas.

2.- Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites valado protector das obras, material de construción: area, ladrillos, cemento, etc., así como a súa manipulación.

Artigo 32.- Colectores de residuos de obras.

1.- Os residuos e materiais do artigo anterior só poderán almacenarse na vía pública utilizando para isto colectores adecuados. En todo caso, deberanse respecta-las normas contidas na Ordenanza reguladora da ocupación do dominio público local con elementos auxiliares de obras, e na respectiva Ordenanza Fiscal nº 21 deste Concello.

2.- A colocación de colectores requirirá autorización municipal, previo aboamento das taxas correspondentes.

3.- Cando os colectores se encontren cheos de cascallos procederase, en prazo non superior a vinte e catro horas, á súa retirada e substitución por outros baleiros. Para estes efectos os materiais depositados non poderán exceder en ningún caso o plano delimitado polas arestas superiores do colector, e está prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumentar a capacidade do recipiente.

En caso de incumprimento, o Concello poderá retirar o colector, que unha vez baleiro quedará en depósito, previo pagamento dos gastos aos que ascenda a retirada, transporte e vertido.

4.- Os colectores deberán ser retirados os venres antes das 20.00 horas e non poderán volver ser instalados antes das 8.00 horas do luns. No caso de que houberse días festivos na semana, tamén deberán ser retirados os colectores.

Sección 2ª.- Mobles, aparellos e obxectos inútiles.

Artigo 33.- Réxime.

1.- Queda prohibido depositar nos espazos públicos mobles, aparellos e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camións colectores da recollida domiciliaria.

2.- Queda prohibido colocar na vía pública obxectos para reserva de espazo.

3.- Queda prohibido o abandono de vehículos nas vías públicas. Entenderanse como vehículos abandonados:

- Cando o estado de sucidade exterior ou interior indique abandono.
- Cando teña unha ou máis rodas baixas ou careza de algunha.
- Cando acumule sucidade baixo o vehículo a consecuencia da inmovilidade.
- Se o vehículo ten cristais rotos, portas abertas, falta de asentos, etc.
- Cando careza de placas de matrícula.
- Cando o propietario ou propietaria se atope en paradoiro descoñecido, sen ningún familiar ou apoderado/a que se faga cargo da retirada.
- Cando se xustifique o falecemento do/a titular con anterioridade polos/as herdeiros/as, concederáselles unha prórroga mentres non se resolvan os actos xurídicos.

4.- Queda prohibido ter como expositores na vía pública vehículos ou calquera outro dispositivo, así mesmo tamén queda prohibido utilizar a vía pública como exposición de alimentos ou materiais. Estes artigos terán a consideración de residuos ou obxectos inútiles abandonados na vía pública, polo que poderán ser requisados por persoal municipal.

5.- As persoas que desexen desprenderse de tales elementos poderán facer uso do Punto Limpo ou do Punto Limpo Móbil o primeiro martes do mes.

Sección 3ª.- Animais mortos.

Artigo 34.- Réxime.

1.- Queda prohibido o depósito de animais domésticos mortos nos colectores de residuos, así coma o seu abandono nas vías públicas.

2.- As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos trasladaranos ao Punto Limpo Municipal, e deberán indicarlle aos operarios a causa da morte, co fin de que se adopten as medidas sanitarias pertinentes para a súa eliminación. Antes de levalos ao Punto Limpo, deberán obter o permiso municipal correspondente.

Artigo 35.- Retirada de animais.

A retirada de animais mortos na vía pública será competencia do servizo municipal de limpeza, ou da empresa concesionaria do servizo.

Sección 4ª.- Residuos clínicos.

Artigo 36.- Concepto.

Para os efectos desta Ordenanza, consideraranse residuos clínicos:

- Os procedentes de vendaxes, gasas, algodón, xiringas, restos de medicamentos ou os seus envases, tubos de ensaio, etc.
- Os asimilables ou residuos domiciliarios, tales como restos de comida, lixos procedentes da limpeza e embalaxes.
- En xeral todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

Artigo 37.- Réxime.

1.- Os residuos procedentes de centros sanitarios deben estar debidamente envasados e pechados, utilizando para isto recipientes normalizados.

2.- En ningún caso se permitirá o depósito ou vertido de materiais radioactivos, nin de restos patolóxicos.

3.- Non se autorizará o vertido no termo municipal; este deberá facerse nos puntos autorizados pola Comunidade Autonómica. Queda prohibido o seu depósito nos colectores ou nas papeleras municipais.

Sección 5ª.- Outros residuos

Artigo 38

Inclúense neste epígrafe outros residuos non sinalados especificamente entre os especiais ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte e tratamento selectivo por razón das condicións anormais en que puideran encontrarse.

Artigo 39

Non se permitirá o verquido de produtos químicos, materias graxas, oleaxinosas, líquidos e calquera outro material non asimilable ou que sexa propio de vertedoiros industriais ou especiais. Estes poderán levarse ao Punto Limpo, sempre que sexan de orixe domiciliario.

TITULO III.- TRATAMENTO DE RESIDUOS.

Artigo 40.- Competencia.

1.- Son de exclusiva competencia municipal os vertedoiros e plantas de eliminación de lixos e residuos urbanos.

2.- A xestión do servizo poderá facerse mediante xestión directa, ou por concesión, ou por calquera das fórmulas previstas na normativa sobre contratacións das AA.PP.

3.- O Concello da Carballo poderá establecer ademais dos vertedoiros, estacións de transferencia, ou planta de eliminación de forma directa ou mediante convenios con outros municipios e coa Xunta de Galicia, para vertedoiros de produtos domiciliarios e residuos sólidos asimilables e outros destinados ao vertido de residuos especiais e cascallos.

Artigo 41.- Instalacións de eliminación e tratamento de residuos.

As instalacións industriais para a eliminación e aproveitamento dos residuos, nas súas formas de compostaxe, reciclado, incineración, pirólise e pirofusión, etc; estarán ao que dispoñan as leis vixentes na materia.

Artigo 42.- Vertedoiros.

1.- Queda prohibido no ámbito do termo municipal o depósito e vertido de lixos e residuos en zonas distintas ás instalacións municipais destinadas a tal fin.

2.- Todo vertedoiro clandestino será clausurado inmediatamente sen prexuízo das sancións ás que dese lugar.

3.- Cando a administración lle ordene a limpeza e/ou peche dun solar ao seu propietario ou propietaria e este non o fixera no prazo que se lle outorga, a

administración procederá a realizar a obra de forma subsidiaria con gastos a costa do obrigado, independentemente da sanción que lle fose imposta por desobediencia. A estes efectos, estarase ao previsto na Ordenanza de seguridade, salubridade, hixiene, limpeza e ornato de parcelas, solares e edificacións.

TITULO IV.- TIPIFICACIÓN DAS INFRACCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR.

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Artigo 43. Potestades de control. Denuncia de infraccións.

1.- O Concello, a través dos servizos de inspección e dos axentes da Policía Municipal, denunciará cantas infraccións se produzan en relación coas normas da presente Ordenanza, poñendo en coñecemento dos órganos competentes da Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado os feitos que supoñan infraccións sobre as que teñan atribuída a competencia.

2.- Igualmente poderá denunciar as infraccións o persoal da empresa concesionaria, nos supostos de xestión directa do servizo.

3.- Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente Ordenanza.

4.- Cando, a xuízo da Administración, a infracción puidera ser constitutiva de delicto ou falta, o órgano administrativo dará traslado inmediato ao Ministerio Fiscal, absténdose de continua-lo procedemento sancionador en tanto a autoridade xudicial non se teña pronunciado. A sanción penal excluírá a imposición de sanción administrativa.

Artigo 44. Responsabilidades.

1.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente Ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que se sexa propietario.

2.- Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non estea constituída e, para este efecto, as denuncias formularanse contra esta ou, no seu caso, contra a persoa que ostente a súa presentación.

3.- Cando se trate de depósito de lixos ou de sacudida de alfombras ou prendas á vía pública fóra de hora e non se poida detectar ao infractor ou infractora exacta do edificio, notificaráselle ao presidente ou presidenta da comunidade de veciños/as, e poderá responsabilizarse a esta comunidade da infracción, caso de non comunicar o nome e domicilio do infractor ou infractora.

4.- Cando non sexa posible determina-lo grao de participación das persoas, físicas ou xurídicas, que interviñeran na realización da infracción, a responsabilidade

será solidaria, sen prexuízo das accións contra dos demais participantes por aqueles que fíxesen fronte á responsabilidade común.

Artigo 45. Infraccións administrativas.

1.- Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta Ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integren o seu contido.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se establece no artigo seguinte.

Artigo 46. TIPIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS:

1.- Consideraranse infraccións leves:

- O incumprimento das prescricións contidas na presente Ordenanza, en concreto, do disposto no art. 51. 1. a), cando non se atope tipificado coma infracción grave ou moi grave consonte á mesma ou ao disposto na Lei 10/1997, de Galicia, ou na Lei 10/1998, do Estado.
- Calquera outra infracción do establecido na Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, cando non estea tipificada como falta grave ou moi grave.

2.- Consideraranse infraccións graves:

- As descritas no art. 51.1. b) desta Ordenanza.
- O depósito de residuos de máis de 100 quilogramos de peso fóra dos colectores ou lugares dispostos para a súa recollida.
- Os verquidos que ocasionen contaminación no subsolo ou acuíferos.
- Os verquidos en paraxes naturais ou de especial interese clasificados como tales pola normativa urbanística, así coma os que se efectúen nas costas, cauces dos ríos, praias ou rías.
- A utilización de vertedoiros non previstos no Plan de xestión de residuos sólidos urbanos.
- O exercicio dunha actividade descrita na Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos de Galicia, sen a preceptiva autorización ou coa mesma caducada ou suspendida, ou sen proceder á correspondiente inscrición rexistral, sen que se produciise un dano ou prexuízo para o medio ambiente ou a saúde das persoas.
- O abandono, verquido ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se teña producido un dano ou deterioro grave para o medio ambiente ou se teña posto en perigo grave a saúde das persoas, consonte ao previsto no art. 34.3.b) da Lei 10/1998, do 21 de abril, de Normas Reguladoras dos Residuos, do Estado.
- A reincidencia na comisión de infraccións leves, sempre que as mesmas non tivesen prescrito dacordo co disposto no art. 132 da Lei 30/1992.

3.- Consideraranse infraccións moi graves:

- A construción ou mantemento de vertedoiros clandestinos.
- O verquido incontrolado de residuos de máis de unha tonelada de peso, ou de media tonelada no caso de que se efectúe en paraxes naturais ou de especial interese

clasificados coma tales pola normativa urbanística, así coma os que se efectúen nas costas, cauces dos ríos, praias ou rías.

- Os verquidos que ocasionen contaminación de acuíferos ou canais que servan para o abastecemento de poboacións.
- Os verquidos que, dacordo cos informes das autoridades sanitarias, conleven perigo para a saúde pública, sen prexuízo das accións penais a que desen lugar.
- O abandono, verquido ou eliminación incontrolada de residuos cando supoñan unha alteración irreversible das condicións orixinais do medio.
- O exercicio dunha actividade descrita na Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos de Galicia, sen a preceptiva autorización ou coa mesma caducada ou suspendida, ou sen proceder á correspondente inscrición rexistral, cando se producise un dano ou prexuízo para o medio ambiente ou a saúde das persoas.
- Non proporcionarlle ao Concello os datos relativos á natureza dos residuos ou facilitar información falsa sobre estes.
- Queimar lixos.
- Depositar residuos clínicos nos colectores de residuos sólidos urbanos.
- Depositar nos colectores de residuos sólidos urbanos produtos químicos, materias graxas, oleaxinosas, líquidos e calquera outro material non asimilable ou que sexa propio de vertedoiros industriais ou especiais A reincidencia na comisión de faltas graves, sempre que as mesmas non tivesen prescrito dacordo co artigo 132 da Lei 30/1992.
- A reincidencia na comisión de infraccións graves, sempre que as mesmas non tivesen prescrito.

CAPÍTULO II.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR E SANCIÓN

Artigo 47.

Para impoñer unha sanción derivada dunha infracción recollida na presente Ordenanza, deberá incoarse o oportuno expediente sancionador, que se tramitará conforme co Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 48.- Competencias sancionadoras.

1.- É órgano competente para a imposición das sancións:

- Para as infraccións leves: O Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.
- Para as infraccións graves contidas na letra a) do parágrafo 2 do artigo 46, o Sr. Alcalde-Presidente. Nas demais, a competencia resolutoria corresponderá aos órganos previstos na Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos de Galicia, e na Lei 10/1998, de residuos do Estado.
- Para as infraccións moi graves previstas nos apartados g), h), i), j), e k) do parágrafo 3 do artigo 46, o Sr. Alcalde-Presidente. Nas demais, a competencia resolutoria corresponderá aos órganos previstos na Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos de Galicia, e na Lei 10/1998, de residuos do Estado.

2.- Se a conducta non fose unha das recollidas no parágrafo anterior, o u se o Concello considera que as infraccións teñen unha cualificación superior, propondrá a sanción ao órgano competente da Comunidade Autónoma, en cuxo caso o importe da sanción imposta será asignado ao Concello.

3.- O inicio do procedemento sancionador, á vista da súa natureza, poñerase en coñecemento da Comisión Galega do Medio Ambiente, que poderá reclamar para si a tramitación do mesmo se considera que a presunta infracción pon en perigo grave de degradación o medio ambiente galego.

Artigo 49.- Execución forzosa das sancións.

Tanto o importe das multas coma o das responsabilidades administrativas poderán ser esixidos pola vía administrativa de constriximento.

No caso de se acorda-la suspensión da multa ou as responsabilidades, o interesado estará obrigado a garanti-lo seu importe para que sexa efectiva a suspensión.

Os órganos sancionadores poderán imponer multas coercitivas cando transcorran os prazos sinalados no requerimento correspondente con arreglo ao disposto na normativa de procedemento sancionador, sen que a contía de cada unha delas poida supera-lo 20 % da multa fixada para a infracción cometida.

Artigo 50.- Reparación de danos.

1.- Sen prexuízo da sanción, penal ou administrativa, que se imponía, o infractor estará obrigado á restitución das cousas e á reposición ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e os prexuízos causados no prazo que en cada caso se estableza na resolución correspondente.

2.- En todo caso, a restitución coleva a obriga de devolver á Administración a totalidade do beneficio ilícitamente obtido.

3.- Poderá procederse á execución subsidiaria por conta do infractor e á súa costa.

Artigo 51. Contías das sancións.

1.- A comisión de infracción do previsto na presente Ordenanza levará aparellada a imposición das seguintes sancións, consistentes en multa pecuniaria:

A.- Infraccións leves:

Conducta infractora:	Multa:
Se, por falta de limpeza dos predios, sobresaíran dos mesmos á vía pública calquera clase de silveiras, mirtos, matogueiras, ou outra vexetación	90 €
Arroxar á vía pública todo tipo de residuo, como cabichas, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar, sen utiliza-las papeleiras	50 €
Depositar cigarros ou obxectos prendidos en papeleiras ou colectores	120 €
Lavar ou limpar vehículos, así como cambiarlles líquidos (distintos de aceites ou combustibles) na vía pública, sempre que non sexa infracción grave	150 €
Manipular ou seleccionar os restrollos ou residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases	150 €

Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre esta, desde ventás, balcóns, etc, ter roupa tendida na vía pública ou sobre dela	90 €
Non manter limpo o espazo sito fronte a quioscos ou postos, ou os espazos ocupados por terrazas, veladores, etc	90 €
Pasear pola vía pública cun animal sen levar consigo unhas bolsas e un recolledor, ou accesorios similares, para a recollida e limpeza das dexeccións	50 €
Non proceder á inmediata limpeza dos residuos que provoque a actividade das persoas que lles leven en gran cantidade comida ás gaivotas, pombas, gatos ou calquera outra clase de animal, cando se lles dean na vía pública	120 €
Tirar ás beirarrúas ou á calzada os restos ou restrollos que barran dos interiores nas operacións de limpeza de locais, portais ou edificios	90 €
Baldear con auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores á vía pública	90 €
Non adopta-las debidas precaucións na limpeza de escaparates, portas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais cando isto provoque molestias aos transeúntes ou ensucie a vía pública, ou proceder á limpeza de balcóns e terrazas, así como para o rego das plantas instaladas nestes fóra dos horarios permitidos	120 €
Esgazar, ensuciar ou arrancar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou emprazamentos autorizados para o efecto	90 €
Deposita-los residuos sólidos urbanos nos colectores fóra do horario ou dos días establecidos nesta Ordenanza	50 €
O depósito dos residuos por parte dos produtores ou posuidores para a súa recollida sen os envases ou preparación requeridos pola Ordenanza ou as normas correspondentes ao tipo de residuo. En concreto, depositar o lixo e os desperdicios sen bolsa nos colectores ou na vía pública	150 €
Deposita-los residuos sólidos urbanos (con bolsa) fóra dos colectores	90 €
Consumir ou portar bebidas ou produtos servidos en establecementos de hostalería na vía pública fóra das terrazas ou veladores autorizados.	50 €
Portar vasos ou recipientes pola vía pública que non se atopen debidamente embalados ou recollidos dentro de bolsas ou outros envases que eviten a súa caída á vía pública.	50 €
Cando un establecemento hostaleiro non tome as medidas conducentes a evitar que os envases ou vasos das bebidas saian do seu establecemento sen a debida embalaxe cando non dispoña de terraza ou velador autorizado, así como que os que se servan nas terrazas saian do recinto das mesmas.	150 €
Abandonar vasos, botellas ou toda clase de recipientes de líquidos na vía pública, se non é nos colectores adecuados ao material do que estén realizados.	90 €

B) Infraccións graves:

Realizar calquera clase de manipulación sobre as papeleiras, movelas, emborcalas ou arrancalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou as faga inutilizables para o uso para o que están destinadas	250 €
Causar danos en árbores ou noutro mobiliario urbano	250 €
Cambiarlles o aceite ou líquidos inflamables aos vehículos na vía pública	300 €
Repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, ensuciando os espazos públicos, así como deixar papeis de propaganda na vía pública ou nas	300 €

fachadas, a non ser nos lugares destinados explicitamente para tal fin, ou colocar publicidade nos parabrisas dos vehículos estacionados ou detidos na vía pública	
Non proceder á limpeza das beirarrúas e calzadas que foran ensuciadas durante as operacións de carga e descarga, retirando da vía pública os residuos vertidos	250 €
O incumprimento da obriga establecida no art. 11.1, cando provoque o verquido ás vías públicas de carga	300 €
Non limpa-los baixos e/ou rodas dos vehículos que operen en zona de obras antes de saíren á vía pública	250 €
Deixar depositadas nas beirarrúas, xardíns ou outras zonas destinadas ao tránsito peonil as dexeccións dun animal	250 €
Acceder con cans e outros animais ás praias na época de baño ás praias	250 €
O depósito en pozos, rexistros e na rede de sumidoiros de calquera produto resultante da limpeza urbana	250 €
Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, fachadas, farois, enreixados, valos, papeleiras, etc	300 €
Deposita-los residuos de obra nos colectores de lixo común	450 €
Non retira-los colectores de obra nas datas e horario establecido	300 €
Depositar nos espazos públicos mobles, aparellos e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camións colectores da recollida domiciliaria	500 €
Colocar na vía pública obxectos para reserva de espazo	300 €
O abandono de vehículos nas vías públicas	350 €
Ter como expositores na vía pública vehículos ou calquera outro dispositivo, así como utilizar a vía pública como exposición de alimentos ou materiais	250 €
O depósito de animais domésticos mortos nos colectores de residuos, así coma o seu abandono nas vías públicas, ou a súa inhumación en terreos de dominio público	350 €

C) Infraccións moi graves:

O depósito de residuos clínicos nos colectores ou nas papeleras	600 €
O verquido de produtos químicos, materias graxas, oleaxinosas, líquidos e calquera outro material non asimilable ou que sexa propio de vertedoiros industriais ou especiais	900 €

2.- Nos casos de infraccións que non estean especificamente contempladas nas táboas anteriores, sancionaranse, dacordo coa súa natureza, coas contías previstas no art. 40 da Lei 10/1997, de Galicia, se constituísen algunha das infraccións alí tipificadas, e, no seu defecto, cos importes seguintes, consonte ao previsto no Tít. XI da Lei 7/1985:

- Infraccións leves: multa pecuniaria de ata 750 €.
- Infraccións graves: multa pecuniaria de ata 1.500 €.
- Infraccións moi graves: multa pecuniaria de ata 3.000 €.

Artigo 52. Criterios de graduación de sancións non especificadas.

Para determinar a contía da sanción, nos casos en que esta deba ser graduada, atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

Artigo 53. Prescrición das infraccións.

1.- A prescrición das infraccións producirase, consonte ao previsto na Lei 30/1992:

- Infraccións leves: 6 meses.
- Infraccións graves: 2 anos.
- Infraccións moi graves: 3 anos.

2.- O cómputo da prescrición axustarase ás regras contidas na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.-

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no art. 65.2. da Lei 7/1985 desde a publicación no B.O.P. do anuncio da súa aprobación definitiva.

DILIXENCIA.-

O acordo de aprobación inicial da presente Ordenanza publicouse no B.O.P. nº 28, do 4 de febreiro de 2005. Transcorrido o prazo de exposición pública sen teren sido recibidas alegacións, o anuncio da súa aprobación definitiva inseríuse no B.O.P. nº 181, do 9 de agosto de 2005.

A data de entrada en vigor da mesma é, pois, unha vez que transcorra o prazo de 15 días hábiles do art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o día 29 de agosto de 2005, seguindo en vigor en tanto non sexa derogada por novo acordo do Pleno da Corporación ou norma de rango superior contraria ao seu contido.

O SECRETARIO XERAL,

Asdo: José Villán Fuertes